

O departamento de Servizos socioculturais e á comunidade, despois da última xuntanza do departamento celebrada o pasado día 7 de outubro de 2015, na que un dos puntos da orde do día era a análise do principio de curso, tomou a decisión de poñer en coñecemento da comunidade educativa, dirección do centro e autoridades educativas o estado caótico no que se están a desenvolver algúns dos procesos que acompañan ao mesmo, enunciados nos seguintes puntos:

- A respecto do **Ciclo superior de Animación sociocultural e turística**, xúlgase como moi grave o que está a acontecer coa implantación destes estudos máxime despois de todo o vivido ao final do curso pasado no que, sen ter en conta a opinión deste departamento, se eliminou parte da oferta de estudos dirixidos a persoas adultas existentes no centro, coa oposición do Claustro de profesorado e do alumnado afectado, coa única intención de substituílos a “custo cero” por outros novos. Chegados a este punto constátase unha absoluta falta de previsión no referente aos espazos e materiais para poder planificar e implementar unha formación axeitada e que se aproxime aos requirimentos mínimos do currículo do ciclo. Trala decisión da Consellería, a finais de curso pasado, temos un centro caracterizado polo amoreamento durante as mañás e case desértico ás tardes. O novo ciclo de Animación sociocultural e turística comeza a súa andaina sen ningún espazo adaptado e sen material específico para a formación. A estas alturas do curso non hai ningún tipo de comunicación sobre cal vai ser a dotación do ciclo e estase a traballar desde a improvisación, intentando, máis unha vez, achicar os efectos deste desaguisado.
- As consecuencias que a falta de previsión poden ter sobre a formación do grupo do ciclo citado ciclo, que se compara con outros grupos, son imprevisíbeis a pesares da boa disposición do equipo docente.
- Polo que respecta ao **Ciclo superior de Educación infantil** e ao **Ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia Vespertinos**. Todo se amosa como irregular na fórmula escollida para “darlle saída” ao alumnado afectado pola supresión de estudos da modalidade presencial de persoas adultas. Por unha banda díselles que pasan ao réxime ordinario, co que iso supón de perda de dereitos para unha persoa adulta que está a facer os seus estudos, mais despois teñen que cursar tres trimestres en lugar de dous para culminar os módulos de 2º, rematando a FCE en xuño en lugar de facelo en marzo como o resto do alumnado do réxime ordinario. Por outra banda, o alumnado estivo acudindo a clase, sen matricular, durante todo o mes de setembro, e o que vai do mes de outubro, co que iso supón a todos os niveis (acceso a XADE, imposibilidade de realizar as programacións por parte do profesorado, control de asistencia, ...).
- Nunha situación semellante están algunhas alumnas matriculadas “fóra de cupo” nalgún grupo do réxime ordinario (“non vespertino”).
- Alumnado matriculado no novo **Ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia a distancia** nestes primeiros días de actividade lectiva está a presentar carencias nas mínimas competencias dixitais para enfrontarse a un proceso formativo destas características. De feito, algún alumnado “obrigado” a matricularse na modalidade a distancia, despois de ser suprimida a oferta presencial de persoas adultas, nin sequera dispón de ordenador e conexión a internet propia.

- O feito de que o alumnado non poida ser matriculado leva emparellado que o profesorado encargado de impartirle docencia non poida acceder á **aplicación de programacións**, co que o procedemento de homoxeinización de programacións do departamento se está vendo afectado.
- A **FCT a distancia** estase a organizar sen recursos persoais, resolvéndose a situación con acordos puntuais, baseados na voluntariedade de compañeiros/os de outros centros.
- Como está a acontecer nestes últimos anos, continúan os problemas coa plataforma de teleformación para o alumnado da modalidade de persoas adultas a distancia (**PLATEGA**): nos primeiros días de curso non hai acceso ás aulas virtuais dos módulos, nin para profesorado nin para alumnado (o que impide a elaboración de programacións e planificación do curso escolar, ademais da necesidade de dar resposta a innumerables chamadas telefónicas do alumnado pola imposibilidade de acceso), por outra banda, os materiais están obsoletos e soamente dispoñibles en castelán desde a implantación desta modalidade no centro.
- Alumnado do novo **Ciclo de Integración social (LOE)** non dispón de currículo galego oficialmente publicado. A comezos de setembro o profesorado con destino definitivo no centro non dispuña do currículo do ciclo cargado na aplicación de programacións, o que retrasou a súa elaboración cando menos tres semanas. O profesorado inicia a impartición do ciclo a partir dun “borrador” do currículo.

Asemade, noutro punto da orde do día, o departamento analiza a posibilidade de participar en **actividades formativas dirixidas a persoas desempregadas**, chegándose ás seguintes conclusións:

- Valórase dun xeito positivo que desde o centro se poidan ofertar e impartir AFDs, sempre que estas non afecten ao normal funcionamento das actividades regradas, tanto no referente aos espazos, tempos ou recursos.
- Vese a imposibilidade de acometer, cos recursos persoais existentes no departamento, a oferta destas ensinanzas. Dada a carga horaria e responsabilidades que está a acometer o profesorado xúlgase como inviábel enfrontar, coa profesionalidade precisa, un incremento horario como o que vén asociado ás actividades formativas mencionadas.
- Como xa se ten apuntado noutras ocasións desde este departamento, reitérase como solución que desde a Administración se contemple a posibilidade de aumentar a rede de postos de traballo do centro. Deste xeito, estas actividades poderían ser acometidas con profesorado do departamento no seu horario normal e non coa fórmula de horas extraordinarias como se está a facer até o de agora.

Ourense a 15 de outubro de 2015

O Xefe de Departamento de Servizos socioculturais e á comunidade

Xesús Fortes Gómez